

# **Visita ao Norte:**

## **Instituto Nacional de Promoción Humana-Somoto (INPRHU-Somoto, Nicaragua)**

**25,26,27 e 28 de Xaneiro de 2012**



## **ÍNDICE.**

- 1. Que é o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade?**
- 2. Que son as Visitas ao Norte?**
- 3. Que é o INPRHU-Somoto?**
- 4. Os proxectos do Fondo Galego en Nicaragua: INPRHU-Somoto.**
- 5. Quen nos visita do INPRHU-Somoto?**
- 6. A Axenda da Visita ao Norte.**

**ANEXO: Ficha-Resumo proxecto 2011, Fondo Galego-INPRHU-Somoto: “Melloradas as condicións de habitabilidade e salubridade de 11 familias chorotegas de Totogalpa”**

# 1. Que é o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade?

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é a maior rede sectorial do municipalismo galego. O Fondo ten hoxe 98 asociados, 94 Concellos e as 4 Deputacións provinciais. Os Concellos vinculados ao Fondo representan a máis do 70% da cidadanía galega.

A Comisión Executiva, órgano directivo da asociación, ten representantes dos tres partidos políticos maioritarios en Galicia, de Concellos grandes, medianos e pequenos, da costa ou do interior: a Comisión Executiva é plural. A Secretaría recae no Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), impulsor do modelo cooperativo da entidade municipalista, e peza da sociedade civil que axuda a enmarcar o proxecto nun horizonte longoprazista.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade naceu hai case 15 anos, en 1997, como expresión da vontade de cooperación dos municipios e deputacións de Galicia, na procura dunha maior eficiencia e recursos, cunha visión de longo prazo no noso compromiso solidario, anteriormente fragmentado e disperso.

O Fondo Galego cumprirá durante o 2012 tres lustros de traballo en rede, cun total de 142 proxectos de desenvolvemento executados, en prol da defensa dos Dereitos Humanos universais, concentrando esforzos en varios resultados notables, como a estratexia compartida coa Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos, **o esforzo concentrado en Nicaragua por medio da organización de referencia en Centroamérica INPRHU-Somoto**, o Plan Maestro da cidade de Santiago de Cuba, ou as intervencións de mobilización de recursos en situación de emerxencias, como as recentes de Haití e Gaza.

Máis alá dese traballo propiamente municipalista e directo, que maximiza e caracteriza os nosos esforzos, o Fondo apoiou ao tecido asociativo das ONGD's galegas, por medio de convocatorias anuais de proxectos, que repartidos entre América e África, suman máis da metade dos proxectos impulsados, na modalidade coñecida como cooperación indirecta.

Tamén, e desde o ano 2003 o Fondo executa proxectos anuais de sensibilización social, en colaboración coa Xunta de Galicia, que reparten por todo o país actividades socioculturais, de formación e análise, ou de voluntariado internacional como Vacacións con Traballo.

## 2. Que son as Visitas ao Norte?

A sensibilización social que o Fondo desenvolve ten por obxectivo, en primeiro lugar, que a cidadanía das entidades asociadas, teña ferramentas e capacidades para interpretar a realidade do mundo global, e máis concretamente, a realidade do mundo do SUR.

Os desequilibrios da sociedade internacional, dramáticos en canto aos niveis de pobreza absoluta que o planeta presenta, deben ser expostos, coa vontade de modificar actitudes das nosas cidadanías; que favorezan a posibilidade dun desenvolvemento sostible, que tamén aquí, nas sociedades do NORTE sofre grandes ameazas.

As Visitas son actividades polas que o Fondo Galego convida a contrapartes dos Municipios ou ONGD's do SUR cos que traballamos, co obxectivo de visibilizar en Galicia os esforzos e os resultados, que os proxectos que desde aquí financiamos e apoiamos teñen sobre o terreo. Neste sentido son actividades de sensibilización directamente vinculadas ao reforzamento da Rede Municipalista Solidaria, o motor organizativo, de técnic@s e polític@s, que dá vida ao Fondo por todo o país.

Desta maneira, as Visitas queren ser un punto de encontro e reflexión, primeiramente de tipo institucional, por medio dunha labor informativa e de transparencia cos responsables polític@s do municipalismo galego electos polas súas cidadanías.

En segundo lugar, as Visitas son tamén oportunidades ideais para que desde os Concellos e as Deputacións se visibilicen os esforzos da administración local galega na defensa dos Dereitos Humanos universais, por medio da política pública mancomunada que representa o Fondo. Así, as charlas en centros educativos, ou encontros con asociacións de base municipal, ONGD's, e público en xeral, son actividades que abren o Fondo á sociedade, ademais de evidentes actividades de sensibilización social.

Finalmente, as Visitas son tamén o momento oportuno para que o persoal da administración local galega, coñeza de primeira man a realidade do SUR nas testemuñas d@s nos@s convidad@s, que acostuman ter un perfil destacado ao respecto do traballo da cooperación internacional nas súas sociedades.

A actividade -Visita ao Norte, está contemplada dentro do Plan anual de sensibilización do Fondo Galego, co-financiado pola Xunta de Galicia e a Cooperación Galega.

### **3. Que é o INPRHU-Somoto?**

O Instituto Nacional de Promoción Humana-Somoto (INPRHU-Somoto) é unha ONGD ubicada no Departamento de Madriz, ao norte de Nicaragua, na zona montañosa e rural do lado oeste do país, xusto na fronteira con Honduras.

O INPRHU-Somoto naceu no ano 1990, primeiramente iniciando o seu traballo na capital de Madriz, Somoto (os Departamentos, por equivalencias, serían na nosa realidade administrativa Provincias), estendendo as súas capacidades ao longo dos anos polo resto de Municipios do Departamento, habitados maioritariamente por poboación indíxena chorotega.

Desde os primeiros proxectos, baseados na Defensoría dos Dereitos Humanos, caracterizado polo esforzo permanente na defensa d@s nen@s e as mulleres; e a formación continua no interior da comunidades ao respecto da saúde comunitaria, o INPRHU foi multiplicando as súas posibilidades de transformación social introducindo técnicas de agroecoloxía, e especializándose na construción de vivendas e asentamentos tralo furacán Mitch en 1997, emerxencia na que o INPRHU xogou un rol central no traballo coordinado na rexión polas Nacións Unidas.

Actualmente, o seu Plan estratéxico dispón de tres programas, por medio dos cales agrupan os diferentes proxectos que executan: 1. Defensoría de Dereitos Humanos, 2. Desenvolvemento rural, e 3. Educación alternativa rural. Fortalecéndose entre si, os tres programas son o proxecto de desenvolvemento humano que o INPRHU implementa na rexión, no que actualmente destaca a organización de xóvenes en cooperativas, saídos dos seus CEAR (Centros de Educación Alternativa Rural). Desde a inspiración cristiá que o veu nacer, a aposta estratéxica do INPRHU-Somoto é polo desenvolvemento endógeno.

Ao longo dos seus 20 anos de traballo, o INPRHU tense convertido nun organismo de referencia en Centroamérica, tanto pola súa penetración no departamento, (cunha rede de [voluntari@s](#) de máis de 4000 persoas) como polas diferentes distincións que ten recibido de diferentes axencias internacionais, como a Axencia de cooperación canadense ou a Axencia de cooperación alemá.

## 4. Os proxectos do Fondo Galego en Nicaragua.

A cooperación galega, xa desde o tecido asociativo das ONGD's do país, como por medio dos canais institucionais que representa a Xunta de Galicia, ten apoiado con especial incidencia no contexto centroamericano ao desenvolvemento humano de Nicaragua.

O Fondo Galego desde os primeiros días de existencia participa desa corrente. Dunha banda tendo apoiado un total de 12 proxectos a ONGD's galegas (**cooperación indirecta**) con intervencións en Nicaragua, como os recentes de 2009 e 2010, respectivamente, de Solidariedade Galega e Axunica. Cómpre destacar desta relación que desde o 2010, a exposición fotográfica, Nicaragua: Unha realidade viva, circula entre os Concellos socios dando contas do traballo de Solidariedade Galega no país centroamericano.

Mais o Fondo Galego caracterízase tamén por exercer cooperación directa, cooperación propiamente municipalista, vinculada ao fortalecemento do desenvolvemento humano que nace do local (**cooperación directa**). Nese camiño, desde o 2003, o Fondo ten no INPRHU-Somoto un socio de confianza, que no traballo conxunto coas Alcaldías da rexión de Madriz, incide na planificación local e no traballo coordinado co poder local de Nicaragua no norte do país.

O Fondo historicamente ten desenvolto co INPRHU unha parcería ao respecto do desenvolvemento de proxectos de construción de vivendas, unha das necesidades máis urxentes na rexión, de carácter rural e de infraestruturas inmensamente precarias, aínda non recuperadas do Furacán Mitch.

Destaca na metodoloxía do INPRHU na construción de vivendas, a obrigatoriedade de que as escrituras d@s beneficiari@s (as familias que terán a nova vivenda) recaian sempre na muller. Tamén, os talleres de aprendizaxe para a autoconstrución das vivendas, que fortalece capacidades diante de situacións de emerxencia. Cómpre destacar tamén, que as vivendas son sempre acompañadas de pequenas hortas onde se fomentan prácticas de agroecoloxía, fortemente relevantes para o fortalecemento da soberanía alimentaria.

Finalmente debemos sinalar con orgullo que o Fondo forma parte do círculo de desenvolvemento que o INPRHU impulsa en Madriz, desde a construción de vivendas, máis dando forzas ao traballo integral ao respecto da defensa dos dereitos humanos, a xeración dun modelo de desenvolvemento rural sostible (e posible), e á educación alternativa rural.

Presentámoslles aquí un resumo do noso traballo en Nicaragua:

	<b>TÍTULO</b>	<b>Parceiro/ONG</b>	<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	<b>ACHEGA DO FONDO GALEGO</b>
<b>1998</b>	Construción de sumidoiros de vao e empedramento.	COSAL	21.300€	21.300€
	Trillo e panadería	AXUNICA	13.731€	13.731€
<b>1999</b>	Muíño para comunidade	AXUNICA	13.731€	13.731€
<b>2000</b>	Reconstrución de vivendas e cociñas no departamento de Estelí	Fundación Augusto César Sandino	95.513,73€	10.513,73€
<b>2002</b>	Banco de materiais para melloras nas vivendas de El Viejo	Arquitectos sen Fronteiras	117.493,34€	35.979,82€
<b>2003</b>	Autoconstrución de anexo de sistema de auga no sector das Palmitas e sector 4 do Municipio de Las Sabanas- Departamento de Madriz	INPRHU SOMOTO	3.109,50€	2.404,50€
	Captación de auga para o Municipio de Las Sabanas	INPRHU SOMOTO	43.665€	43.665€
	As mulleres deseñando o futuro	INPRHU SOMOTO	10.529,84€	6.224€
	Fomento da xestión e mellora da saúde comunitaria en 15 comunidades rurais	Manos Unidas	368.689,95€	18.555,64€
	Construción dunha unidade clínico-docente	SEMG-Solidaria	360.607,26€	36.000€
<b>2004</b>	Proxecto produtivo de pesca artesanal para a desmobilización dos cortadores de Mangle no Estero Real e Golfo Fonseca	Amigos da Terra. Centro Iris de Medioambiente	54.004,32€	24.444,21€
<b>2005</b>	Creación da Unidade Clínico Docente en Ciudad Sandino	Fundación SEMG-Solidaria	446.260,49€	30.000€
	Proxecto de Educación Alternativa Rural Técnica Integral para Adolescentes e Mozos Rurais no Municipio de Las Sabanas	INPRHU-Somoto	119.027,20€	30.000€
	Instalación dun muíño comunal	INPRHU-Somoto	2.936,25€	1.200€
<b>2007</b>	Construción dunha cociña	INPRHU-Somoto	11.029,84€	10.000€

	comunitaria			
	Rehabilitación de vivendas no Concello de Totogalpa	INPRHU-Somoto	191.521,98€	99.000€
	Educación Técnico-Agropecuaria para adolescentes e mozos/as rurais do Municipio de Las Sabanas	INPRHU-Somoto	40.776,56	40.776,56
<b>2008</b>	Mellora das condicións de vida das comunidades rurais do municipio de Totogalpa	INPRHU-Somoto	185.055,31€	110.386,74€
	Mellora das condicións de vida das comunidades rurais do municipio de Totogalpa	INPRHU-Somoto	123.714,95€	69.734€
<b>2009</b>	Fomento da participación no marco dos gabinetes do poder cidadán no municipio de Totogalpa, Madriz, Nicaragua	Paz e Desenvolvemento	87.693,45€	50.000€
	A Formación Sanitaria como vía de desenvolvemento	Solidariedade Galega	30.000€	24.000€
<b>2010</b>	Latrinas para Tepalón	AXUNICA	8.439,6€	6.751,62€
<b>2011</b>	Melloradas as condicións de habitabilidade e salubridade de 11 familias chorotegas en Totogalpa.	INPRHU-Somoto	82.243,77€	58.189,64€

## 5. Quen nos visita do INPRHU-Somoto?

A Delegación do INPRHU-Somoto visitará España por dous meses, convidados pola ONGD Taller de Solidaridad, nos que participará en diferentes xornadas e encontros con ONGD's e institucións públicas e de desenvolvemento, en Galicia, Castilla la Mancha, Andalucía, e Madrid.

Durante a estancia en Galicia da Delegación do INPRHU-Somoto, o Secretario do Fondo Galego; da Secretaría Técnica (IGADI), acompañará aos nosos convidados, ao igual que nalgunhas das visitas seremos acompañados por membros de Taller de Solidaridad en Galicia (Vigo, Ferrol e Lugo).

Os membros da Delegación do INPRHU-Somto son:

**-Don Armando Rodríguez Portillo**, é enxeñeiro agrónomo e Director do Centro de novas tecnoloxías aplicadas ao Trópico seco do INPRHU-Somoto, e Coordinador do Programa de Desenvolvemento Rural do INPRHU-Somoto.

Entre o 2004 e o 2009 traballou como coordinador da AECID-Nicaragua (Axencia Española de Cooperación para o Desenvolvemento) no programa ARIS-Malpaisillo, centrado no desenvolvemento produtivo do sector agropecuario da rexión centro do país.

**-Dona Marta Beatriz Alvarez Cáceres**, é traballadora social e Coordinadora do Centro de Educación Alternativa Rural Telpochcalli, da rede de escolas CEAR do INPRHU-Somoto.

Forma parte do equipo de formulación de proxectos do INPRHU-Somoto, e posúe ampla experiencia como Profesora de desenvolvemento comunitario.

## **5. A Axenda da Visita ao Norte.**

### **Mércores 25,**

11:00 Visita institucional ao Concello de **Vigo**.

13:00 Visita institucional ao Concello de **Gondomar**.

TARDE-

18:00 Visita institucional ao Concello de **Tomiño**.

### **Xoves 26,**

10:30 Charla no IES María Casares + Visita institucional ao Concello de **Oleiros** (12:00).

13:30 Visita institucional ao Concello de **Ferrol**.

TARDE-

17:30 Visita institucional ao Concello de **A Coruña**.

### **Venres 27,**

10.00 Visita institucional á **Dep. de Lugo** + Charla co IES Nosa señora dos ollos grandes.

13:00 Charla na Casa da Cultura cos 3 IES da localidade: Río Cabe, IES Pinguela e IES Daviña Rey + Visita institucional ao Concello **Monforte de Lemos**.

17:00 Visita institucional ao Concello de **Sarria**.

**Sábado 28,**

10:30 En **Santiago de Compostela**, Intervención da Delegación do INPRHU-Somoto nos **Encontros: Institucións Locais e Solidariedade**, Partido Socialista de Galicia-Fondo Galego, no **Parlamento**.

**CONTACTO:** Carne Novas Ferradas (Comunicación Fondo Galego- 616 14 50 77, comunicacion@fondogalego.org) e Daniel González Palau (Secretario Fondo Galego- 698 14 45 36, dpalau@igadi.org)

TÍTULO	MELLORADAS AS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE E SALUBRIDADE DE 11 FAMILIAS CHOROTEGAS DE TOTOGALPA, MADRIZ (NICARAGUA)	
<b>LOCALIZACIÓN</b>	Municipio De Totogalpa (Nicaragua)	
<b>DURACIÓN</b>	04 meses	
<b>PERSOAS BENEFICIARIAS</b>	55 persoas	
<b>PARCEIRO</b>	INPRHU	
<b>CUSTE TOTAL DO PROXECTO</b>	<b>82.243,77€</b>	
<b>DESGLOSE DO FINANCIAMENTO</b>	<b>ACHEGA TOTAL DO FONDO GALEGO</b>	<b>58.189,64€</b>
	FONDO GALEGO	6.189,64€
	CONCELLO DE VIGO	52.000,00 €
	<b>INPRHU</b>	<b>4.839€</b>
	<b>PERSOAS BENEFICIARIAS</b>	<b>19.215,13€</b>
<b>RESUMO</b>	<p>A experiencia de INPRHU en proxectos de vivendas é ampla, de xeito que nos últimos anos executou este tipo de proxectos no Departamento de Madriz, consolidando experiencias e fortalecendo alianzas internacionais de cara a mitigar as necesidades de vivenda da poboación. No ano 2007 executou un proxecto de 15 vivendas no municipio de Las Sabanas financiado pola Xunta de Galicia, no mesmo ano executou un proxecto de 30 vivendas no municipio de Totogalpa financiado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e no ano 2008 executouse un proxecto de 15 vivendas no municipio de Totogalpa financiado polo Concello de Vigo a través do Fondo Galego. Pódese dicir, polo tanto, que un total de 75 vivendas foron construídas co apoio do Fondo Galego.</p> <p>O presente proxecto preséntase como unha terceira fase xa que ten como obxectivo a autoconstrución de 11 vivendas na micro rexión de Santo Domingo, en San José de Palmira-Quebrada Grande, onde INPRHU mercou a terra e a distribuíu a mulleres sen terra.</p> <p>O propósito fundamental do proxecto é mellorar a calidade de vida de familias da comunidade rural de San José de Palmira, da Micro rexión Santo Domingo, no Municipio de Totogalpa, Departamento de Madriz, a través do acceso a unha vivenda en condicións mínimas e suficientes de habitabilidade para un total de 11 familias.</p> <p>A intervención comprende dous aspectos básicos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>a) a autoconstrución de 11 vivendas</li> <li>b) a capacitación da poboación beneficiaria en materia de autoconstrución de vivendas, agricultura orgánica e sanidade ambiental.</li> </ol>	
<b>OBXECTIVO XERAL</b>	Mellorar a calidade de vida da poboación rural Chorotega da Municipalidade de Totogalpa.	

<b>OBXECTIVO ESPECÍFICO</b>	Mellorar as condicións de habitabilidade e salubridade de 11 familias Chorotegas das comunidades de San José de Palmira, na municipalidade de Totogalpa.
<b>RESULTADOS</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Facilitado o acceso a un vivenda digna a 11 familias Chorotegas en San José de Palmira, na municipalidade de Totogalpa.</li> <li>2. Melloradas as capacidades das comunidades en materia de auto construción, rehabilitación de vivendas e agricultura orgánica.</li> <li>3. Mellorados os hábitos hixiénico sanitarios das comunidades.</li> </ol>
<b>ACTIVIDADES</b>	
<p><b>ACTIVIDADE 1: Elaboración de Diagnóstico Inicial.</b> Procederáse durante o primeiro mes de execución do proxecto ao levantamento dun diagnóstico inicial que permita dispor de información actualizada sobre a situación das vivendas nas dúas comunidades meta, esta actividade desenvolveráse baixo o procedemento de utilizar unha ficha preliminar a nivel familiar, obteráse a información de cada familia, baixo a técnica de mostras aleatorias, ou sexa a mostra responde ao 40% das familias das comunidades atendidas. A partir de aí intégrase o procesamento e análise da información requirida, pasando ao segundo nivel.</p> <p><b>ACTIVIDADE 2: Proceso Asembleario.</b> Realizaráse un proceso asembleario a nivel de cada comunidade en tres momentos coa finalidade de devolver a información obtida a nivel comunitario, e promover a toma de decisión en conxunto coa comunidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nun primeiro momento dáse a coñecer pormenorizadamente a incidencia do proxecto ao comezo deste.</li> <li>- Nun segundo momento (inmediatamente despois das asembleas) son electos os potenciais beneficiarias/os en correspondencia aos criterios establecidos para o beneficiario, a través do sistema de votación directo e público, en representación de familias cada unha ten dereito a depositar o seu voto polos casos que considere teñen maior necesidade en materia de vivenda, posterior procédese á priorización dos casos con respecto ao número de votos.</li> <li>- Nun terceiro momento leva a cabo a elección da estrutura organizativa a nivel local, para o desenvolvemento do proxecto, o seu seguimento e avaliación. (Comité de autoconstrución de vivendas).</li> </ul> <p>Nestas asembleas todos os implicados quedarán entendidos dos seus deberes e obrigacións e permite visibilizar ás entidades financeiras do proxecto.</p> <p>As/os beneficiarias/os seleccionados/as ou elixidos/as terán que achegar para a construción das súas vivendas o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O material local para as fundacións e demais actividades construtivas.</li> <li>- Man de Obra non cualificada.</li> <li>- Auga para pegar os bloques e construír as fundacións.</li> <li>- Participar nas actividades de mellora comunitaria e de capacitación programada.</li> </ul> <p><b>ACTIVIDADE 3: Construír 11 novas vivendas.</b> Previo á construción, realizaráse unha supervisión dos lugares onde se construírán as vivendas, atendendo aos criterios de INETER (Instituto Nicaraguano de Estudos Territoriais) e Defensa Civil do Exército de Nicaragua. Fundamentalmente terase en conta a permeabilidade do terreo, a resistencia estándar do terreo á estrutura a construír, tipo de terra para a elaboración dos bloques de adobe, nivel de vulnerabilidade da localización, etc.</p> <p>Comezaráse coa adquisición dos materiais, para o que se recibirán ofertas dos colectivos xa establecidos. Isto servirá para reactivar as microempresas da zona e para seleccionar os materiais baseándose na súa calidade, custo e responsabilidade, quedando referendado mediante contrato escrito a adquisición dos devanditos materiais, (darase prioridade a provedores locais).</p> <p>Tras o transporte dos materiais necesarios á comunidade, iniciarase a construción das vivendas, a cal será realizada polas familias e o mestre de obras contratado e que contará coas seguintes etapas:</p>	

- Elaboración dos adobes.
- Nivelación do terreo.
- Recolección de materiais para as fundacións e a compactación: pedra, terra, lama e material selecto.
- Recolección de auga.
- Facer zanzas.
- Fundacións e cimentación.
- Levantado de mampostería.
- Instalación de cociñas melloradas.
- Instalación de latrinas.
- Instalación de sistema de captación de auga.
- Instalación de paneis solares.

**ACTIVIDADE 4: Impartir 2 cursos de capacitacións en autoconstrución de vivendas.**

O modelo de vivenda rural que executa INPRHU Somoto é o resultado dun proceso de investigación de anos que permitiu establecer o mapeo, e responder as demandas da familia campesiña, contarán cunha superficie de construción de 60 m<sup>2</sup>, o modelo baséase nun centro, un corredor e unha cociña.

A este modelo sumáronse melloras de suma importancia, tales como a instalación dunha cociña mellorada e o sistema de captación e almacenamento de auga de choiva.

A cociña mellorada permite un importante aforro en consumo de leña.

O sistema de captación de auga de teito que consta de :

- Unha canle colector de lámina de zinc liso situado no tellado.
- Tubos PVC para baixantes.
- Unha pila superficial para almacenar auga.

Toda a actividade estará baixo a supervisión directa do mestre de obra, o supervisor técnico a cargo do proxecto e o apoio das brigadas de traballo.

Os cursos de capacitación en autoconstrución de vivendas terán unha duración de 5 horas cada un, e serán realizados no primeiro mes de execución do proxecto. No desenvolvemento dos mesmos o mestre de obra formará á poboación beneficiaria en técnicas de autoconstrución de vivendas con adobe. Abordaranse temas relacionados coa cimentación, levantamentos de paredes e teitos, colocación de portas, xanelas, fregadeiros e fogóns mellorados.

Mención especial merece as recomendacións que se darán, tales como: a utilización de material autóctono; a relación custo/calidade; calidade e durabilidade das obras realizadas; e facilidade para a aprobación e reproducibilidade das solucións.

**ACTIVIDADE 5: Impartir 2 cursos de capacitacións sobre Agricultura Orgánica ás familias beneficiarias.** A formación será responsabilidade do capacitador ou capacitadora integrada no equipo técnico de INPRHU-Somoto, quen preparará os materiais, o equipo e as condicións adecuadas para cada evento. A súa duración está calculada en 2 sesións de 5 horas cada unha a executarse no período comprendido do 1er trimestre de execución de proxecto.

Proporcionarase ás/aos participantes material impreso que lles sirva como texto de consulta e estudo para que o agricultor ou a agricultora adquira os coñecementos mínimos no manexo da súa terra. Os temas a tratar son: fertilización orgánica, conservación de chans, sementes, chans, manexo de pragas, métodos de colleita e almacenamento así como alimentarse mellor gastando menos.

**ACTIVIDADE 6: Impartir 3 cursos de capacitacións sobre cambios de hábitos hixiénico-sanitarios e saúde ambiental a familias beneficiarias.** Estará a cargo do equipo de Educación Comunitaria para a Saúde, que forma parte do persoal técnico de INPRHU, quen preparará os materiais, o equipo e as condicións adecuadas para cada evento. A súa duración está calculada en 3 cursos de 5 horas cada un, e desenvolveranse no 3er mes de execución do proxecto. Os coñecementos impartidos permitirán ás/aos beneficiarias/os mellorar as súas prácticas hixiénico sanitarias, en relación á hixiene persoal, hixiene dos alimentos, control de lixos, residuos líquidos, limpeza da vivenda, uso e tratamento da auga, uso e mantemento da latrina, etc. Nos eventos de capacitación os temas específicos tales como: Identificación de problemas orixinados polos malos hábitos hixiénicos, procesos para un

mellor tratamento do lixo, prácticas hixiénicas, etc.

Toda a formación centrarase en promover a utilización de metodoloxías que garantan a participación das familias beneficiarias na condución de procesos autoxestionados e a equidade de xénero.